

Frontera España-Portugal: documentación lingüística y bibliográfica
<http://www.frontespo.org>

Localidad: Castromil (Hermisende). Zamora

Identificador de la grabación: ESZA27003-005

Fecha de la entrevista: 26/02/2016

Entrevistadores: David Rodríguez Lorenzo

Informantes: Nemesio González, Ascensión Nieto

Versión de la transcripción: 1

Revisada: No

Licencia de uso CC BY-SA 4.0

Entr. 1 (DRL) Por exemplo, antes falaban do centeo e chámanlle o pan tamén ao centeo.

Inf. 2 (AN) Si.

Inf. 1 (NG) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Como, como s- | como era o... cultivo del, é dicir, como, como se facía, imaxino que ao longo do ano había unha serie de traballos para facer...?

Inf. 2 (AN) [Emisión]

Inf. 2 (AN) Si.

Inf. 1 (NG) Pois empezabamos no mes de Santos... a... a... a arar as leiras no mes de Santos.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 2 (AN) A | chamábanlle a arada do mes de Santos.

Inf. 1 (NG) Dábaselle unha arada rara... chamábase asu-, asucar as leiras do mes de Santos.

Inf. 2 (AN) Eu vou [xxx], deso sabes tu máis ca min.

Inf. 1 (NG) Para que... | aconchegar | para que a terra estivera máis, máis ou menos podre na primavera.

Inf. 1 (NG) Despois xa na | no mes de maio, era a primeira arada que se lle daba, que se chama a decrúa.

Entr. 1 (DRL) A decrúa.

Inf. 1 (NG) Decrúa.

Inf. 1 (NG) No mes de maio.

Inf. 1 (NG) Despois xa no mes de [x]unio, no vinte de [x]unio ao,

ao fin de [x]unio, a bima, con arado romano.

Inf. 1 (NG) O arado romano era feito... polos carpinteiros do pueblo, con material do país, todo [Emisión] a... |

Inf. 1 (NG) E levaba a rabiza, que é un pau de rebolo, que ten a súa correspondente curva... hai... así e así e despois xa torce así para a manilla, esa era a rabiza.

Inf. 1 (NG) Despois xa leva un pau no medio, furado, que se chamaba o pezpiñeiro, e da | do pezpiñeiro a | ao fondo da rabiza... dúas, dúas rabizas máis pequeniñas que lle chamabemos [sic] | chamabábenselle [sic] avio- | abiacas.

Entr. 1 (DRL) Aviacas.

Inf. 1 (NG) Aviacas.

Inf. 1 (NG) E despois xa iba o timón, enganchado... desde a rabiza a | ao xugo das vacas, á tralla.

Inf. 1 (NG) Xunxíanse as vacas, cun xugo de madeira, cornais, despois xa levaba o que é a traca, con | co trasgueiro... e entre o... | entre a su[x]eción da abiacas... e a | e o timón... da | o sea, perdón, da rabiza e o timón, levaba... outro pau, pero non | que carallo... | pois non o sei

Inf. 1 (NG) Porque se non, escarrillaríase, non?

Inf. 1 (NG) Levaba un | unha | coma se fora unha ch- | unha, unha tixeira, unindo o timón coa rabiza.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Unindo con... |

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Pero agora non teño te lle podo dar o nome, que non se me vén á ima[x]inación.

Entr. 1 (DRL) Bueno, bas-, bastante memoria ten, que se acordou de todas as partes.

Inf. 1 (NG) Despois xa... na punta levaba unha rella de ferro, que a facían eiquí os ferreiros.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Me- | xa levaba o seu hueco para meter eiquí a punta da ra-, da rabiza... e con aquilo ara- | era a mellor arada que había, a do arado romano.

Inf. 1 (NG) Despois xa viñeron os arados de ferro, xa, xa de

compra, que... vo- | iban volteando a terra...

Inf. 1 (NG) Bien, bueno, aquilo para a decrúa, para a bima, o de | o romano lle chamabamos... [Emisión] que era do vinte de [x]unio ao xu- | ao final do mes.

Inf. 1 (NG) Despois xa as | ao vir setembro, apañábase o esterco, nas cortes, onde durmían as vacas, coa palla que había do c- | que se mallaba do centeo, facíase | facíaslle a cama ás vacas e aquilo transformábase en, en abono, en esterco, chamámoslle esterco.

Inf. 1 (NG) Cargábase... con rastro e unha espalladoira... para un carro, todo as vacas, levalo ao monte, descargalo, as mulleres espaxaban...

Inf. 1 (NG) Cuando estaba a leira espaxada xa... se lle botaba o grao.

Inf. 1 (NG) Fácianse en belgas, cunha rastreiriña de palla, [xxx] para, para saber por onde máis ou menos ibas sembrando, sembrábase | o grao e volvías a pasarlle o arado romano... e olvidábase dela hasta, hasta | para o ano que vén, [xxx] de setembro, hasta [x]xullo do ano que vén, que era a seitura.

Inf. 1 (NG) Ese era o proceso do pan, sabes?

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Tiña a arada dos Santos, a decrúa, a bima, sementeira, e nada máis.

Entr. 1 (DRL) Despois deixaban crecer e despois...

Inf. 1 (NG) Despois xa, despois xa pasaba o inverno sobre el...

Inf. 1 (NG) Se crecía muto... os días que s- | dependía da | do inverno, como viña, botábaslle a res.

Inf. 1 (NG) Se ves que botaba unha follada moi grande, para que non se te pudrise, pois neste tempo ou... en decembro, se tiña muta, muta, chamámoslle felpa, botábaslle a res para | o | as ovellas, para comer aquilo, porque se non | se tiña xa muta felpa, coa neve, aplastaba e pudría, entónces...

Entr. 1 (DRL) [Emisión]

Inf. 1 (NG) Como as, as leiras estaban ben aradas e ben estercoadas... daban muto de comer, hasta para o inverno para as ovellas, e é outro alimento que se aproveitaba.

Inf. 1 (NG) E xa estaba así hasta que viña a sement- | hasta a seitura, que era no mes de, de [x]xullo.

Entr. 1 (DRL) Si, si.

Entr. 1 (DRL) Xa estaba o gran sequiño...

Inf. 1 (NG) Sequiño, era cuando se segaba.

Inf. 1 (NG) As mulleres | ei-, eiquí viñan segadores portugueses a mutas casas a segar...

Entr. 1 (DRL) Viñan de Portugal para... ?

Inf. 1 (NG) Decía a miña sogra, en paz descanse, "Ahora este ano é o duro e veio o duro" [TranscrDubidosa], decían os tíos, "Ahora este ano é o duro e veio o duro".

Inf. 1 (NG) Mira, era un duro, cinco pesetas, en principio, por segar de sol a sol.

Inf. 2 (AN) O que ganaban polo día, no o día.

Inf. 1 (NG) Decía, decía así.

Inf. 2 (AN) E vese que viñan antes de | aínda, aínda viñeron a, a ganar menos do duro, cuatro pesetas ou tres pesetas, pero aquel ano di que xa viñan dicindo "Este ano é o duro e vén o duro", querían ganar a duro.

Inf. 1 (NG) Menos do duro, porque aquel ano xa... aquel ano xa era o duro "e vai o duro".

Inf. 1 (NG) Despois xa iban subi-, subindo, subindo, subindo, hasta que á fin xa non era rentable, xa cobraban muto.

Inf. 1 (NG) Despois xa empezaron | nós tuvemos aínda unha cosechadora, eu e meu irmao, comprámola en Zamora, un trasto vello, pero aínda... aínda, aínda, aínda segou por aquí os [xxx].

Inf. 2 (AN) Aínda [xxx].

Inf. 1 (NG) E despois xa metéronse os [x]abalís, [xxx] e, e a xente tuvo que deixar de... de sembrar.

Entr. 1 (DRL) Porque fozaban todo...

Inf. 1 (NG) Arrasaban todo.

Inf. 2 (AN) Estropeaban todo, comíano, e... mallaban.

Inf. 1 (NG) Arrasaban todo, mallaban todo nas leiras, non se podía | non se pode, non...

Entr. 1 (DRL) Pois... vaia, vaia, vaia cousa, vaia cousa.

Inf. 1 (NG) Sabes?

Entr. 1 (DRL) E, e... na maneira tradicional de facer as cousas, a seitura era á mao, imaxino...

Inf. 1 (NG) Cunha fouce.

Entr. 1 (DRL) Cunha fouce.

Inf. 1 (NG) As mulleres segaban, as c-, as casas que non... que non metían segadores, porque os posibles eran poucos, e o home iba detrás atando.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 2 (AN) E tamén aínda segaba, porque ao mellor [xxx] non daba... abasto.

Inf. 1 (NG) E segaba ao mellor un pouco, segaba e despois xa sacábaa dunha grañeira, coa mi- | propia palla... ataba o mollo, chamábámoslle mollos.

Inf. 2 (AN) Era para atar.

Entr. 1 (DRL) Mollas.

Inf. 1 (NG) Mollos.

Entr. 1 (DRL) Ah, mollos.

Inf. 1 (NG) Despois sacábanse os mollos -non ves que eran redondos- sacaba así |

Inf. 1 (NG) Xa se sabía [xxx].

Inf. 1 (NG) Daqu- | dábanlle xa | íbanlle dando a forma debaixo do brazo, pasabas a | chamábase a grañeira, dábaslle unhas chaves, e non tuveras medo, que non se desataba, e era coa propia palla de... de |

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Despois xa na | amontoábanse no | nas leiras, facíanse medoucos, chamábanlle medoucos.

Inf. 1 (NG) Cuando se xuntaban ao mellor cincuenta mollos, cada cuatro mollos era unha pousada.

Inf. 1 (NG) Un carro viña cargando vinte pousadas, ochenta mollos... un carro de vacas.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) E ao mellor, pois... facías un medouco de ochenta mollos nunha leira, e se a leira era grande, facías un eiquí e outro alí, pero había que apañar as d- | os mollos de lonxe pa-, para facer o medouco, porque,

non sendo que chovera -sabes?- para que non se te mollase.

Inf. 1 (NG) E despois xa, ao acabar a seitura, é que viña a carrega, pero primeiro había que segar as leiras todas.

Inf. 1 (NG) E ao mellor tu collías vinte carros de palla e... viñas segando ao mellor un carro por día... se eran pouca xente... botabas vinte días na seitura, de [x]ulio.

Inf. 1 (NG) Entonces para, para que non se te mollara, ibas facendo medoucos que quedaban | ao fin quedaban colmados.

Inf. 1 (NG) Podía chover o que quixera, que o | á palla a agua non lle entraba, non tuveras medo

Inf. 1 (NG) Despois xa na | viña a carrega.

Inf. 1 (NG) A carrega era... as vacas e a | e o amo e a... a buscar o pan ás leiras.

Inf. 1 (NG) Despois xa viñas á ai- | á aira, que se chamaba aira, e non mallabas aínda, tiñas que facer unha meda... [xxx] xa calculabas tu sobre os pa- | os carros que teñan palla, teño que lle dar tanta roda á meda, ao mellor unha roda de... de, de dez metros de diámetro ou según... según a palla que colleras, e ao mellor aquela meda subía a altura desta casa, eh.

Inf. 2 (AN) [xxx]

Inf. 1 (NG) Había que tirar os mollos ao alto da meda...

Inf. 1 (NG) [Tose] Hasta que te tocaba o día de mallar.

Inf. 1 (NG) En agosto viña a malla, e as mulleres e os homes... ti- | de cada casa iban dous á malla, porque a muller espallaba, según saía a palla da máquina, abrazábanse a elas, en principio espallábanas, botábanlle ao feixeiro o... o, o | para facer o feixe, ao mellor cada feixeiro levaba, levaba cinco, cinco brazad- | de cinco mulleres.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) E, e de alí a subir por unha escada, a | ao que estabamos | falamos antes [xxx] do palleiro.

Inf. 1 (NG) Subir a | en principio era no chao, pero o palleiro iba subindo, iba subindo, coma se fora unha pirámide -sabes?-, e despois xa había que subir por unha escada, a levar os feixes arriba... e así era.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) E as mulleres a | onde saía o grao, cunhas baleadeiras, chamábanse baleadeiras, que se facían de, de piorno... íbanlle quitando... | iban baleando o grao, íbanlle quitando as lorciñas [TranscrDubidosa] todas, pero todas, todas, non, claro, o | a maior parte.

Entr. 1 (DRL) Claro.

Inf. 1 (NG) Despois xa aquela noute ao mellor o home tiña que dormir co... co, co montón do grao, porque non | aínda non, non hoube tempo de limpialo.

Inf. 1 (NG) Despois xa para o outro día viña unha máquina, á mao tamén, a limpiar aquel grao, con aire.

Inf. 1 (NG) E de alí xa iba aos sacos, e dos sacos para o arcaz ou a cousos.

Inf. 1 (NG) Había | cousos eran uns... depósitos de, de pedras... feitos de pedra, que estaba ao mellor nunha habitación e de alí baixaba para a corte, corte chámase onde estaba o ganado, e tiña unha boca arriba, e por alí botabas o grao... [xxx], ala, para o couso, para o couso, para... estar alí hasta que te fizera falta para ir a moer, no inverno... e te- | tíñalo alí de | guardadiño, que non lle entraban os ratos, nin a humedade, nin cousa ningunha, entendes?

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Muto traballo daba, xa ves as voltas que lle había que dar.

Inf. 1 (NG) Despois xa había quen o sacaba polo fondo do couso, cunha canaleta, pero había quen o sacaba outra vez pola boca, con caldeiros.

Inf. 1 (NG) [xxx] volver encher os sacos fóra...

Inf. 2 (AN) [xxx] abaixo [xxx] arriba a coller.

Inf. 1 (NG) A collelo e a botar aos sacos e a levar ao carro, se iba o carro ao muíño ou se iba o dono ou...

Inf. 2 (AN) Si.

Inf. 2 (AN) De antes era [xxx], e as mulleres traballaban... [xxx] muto, muto no campo, que agora... [xxx].

Entr. 1 (DRL) Era moi trabaloso, todo era moi trabaloso, non?

Inf. 1 (NG) E dentro deso tamén entrou | entraba a sementeira das patatas.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Era o principal -non?- e millo... tamén?

Inf. 1 (NG) [xxx]

Inf. 1 (NG) Millo tamén.

Entr. 1 (DRL) Millo, centeo e patata.

Inf. 1 (NG) Si, tamén.

Inf. 1 (NG) E patatas.

Inf. 2 (AN) Si.

Inf. 1 (NG) Era o que máis se collía.

Inf. 1 (NG) Bueno, algo de verzas, algo de fabas, algún garvanzo... poucos, despois xa as mulleres, na huerta, tomates, pimiento, lechugas, cebola... deso si había, claro.

Inf. 1 (NG) Para o gasto dun | para o gasto de casa, non é para vender.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) E, por exemplo, antes falou [Emisión] un... | unha terra para, para, para o pan, chamoulle leira... e... e se é unha terra máis pequena para, para poñer unhas verzas ou...

Inf. 1 (NG) Leira.

Inf. 2 (AN) Si.

Inf. 1 (NG) Curti-, curtiña.

Entr. 1 (DRL) É curtiña.

Inf. 2 (AN) Si.

Entr. 1 (DRL) Vale.

Inf. 1 (NG) E se é mui, se é mui pequena, mui pequena, un horto, onde se sembran as verzas ou así.

Inf. 2 (AN) Un horto, é un horto.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Entón é... horto, curtiña, leira, máis grande que leira, xa non.

Inf. 1 (NG) Curtiña e leira.

Inf. 1 (NG) Non.

Inf. 2 (AN) Non.

Entr. 1 (DRL) Xa é un |

Inf. 1 (NG) A leira, a leira pode ter unha xeira, dúas xeiras, tres xeiras...

Inf. 1 (NG) Unha xeira calculábenselle mil metros.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Unha xeira quérese dicir o que podía arar unha parexa nunha mañá -sabes?-, co arado romano.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Unha xeira.

Inf. 1 (NG) Unha xeira, eso era unha xeira, calculaban que viña tendo mil metros.

Entr. 1 (DRL) Máis ou menos mil metros.

Inf. 1 (NG) E... dez, dez xeiras xa era unha he-, he, unha hectárea.

Entr. 1 (DRL) Claro, [Asent].

Inf. 1 (NG) Pero eiquí leiras dunha hectárea solo tiñan os ricos, que era unha casa que chamaban eiquí os Basteiros, que era casa | ricos...

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Inf. 1 (NG) Home, chegou a botar a xente das le- | dos prados... sen cobrar, iba a xente a por, por un plato de caldo ou un cacho de tallada.

Inf. 2 (AN) A traballar.

Inf. 1 (NG) E chegabas alí e tanta xente alí e "[xxx], non, xa non me fas falta"... eh.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) A xente iba por comer... solo.

Entr. 1 (DRL) Claro, vaia.

Inf. 1 (NG) Esto... pasou.

Entr. 1 (DRL) E, e os límites entre un terreo e outro, como, como se... como se sabían [xxx]?

Inf. 1 (NG) Tendo marcos.

Entr. 1 (DRL) Marcos de pedra.

Inf. 1 (NG) Marcos, marcos enterrados, [Asent].

Entr. 1 (DRL) E había algún terreo, ou hai aínda, que seña dos veciños, que seña comunal?

Inf. 1 (NG) Si, hai comunal... ese é de todos.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Si, si, e para que, para que se usa?

Inf. 1 (NG) Antes usábase para pór | para o pastoreo do ganado, para... para pór | para as ovellas e as cabras

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 2 (AN) Había muta ovella, muta cabra eiquí, neste pueblo, había muchísimas, e despois iban para o monte, para o comunal.

Inf. 1 (NG) E, e para traer leña.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) E a leña |

Entr. 1 (DRL) Chamábanse así, o comunal.

Inf. 2 (AN) Si.

Inf. 1 (NG) Comunal.

Inf. 1 (NG) E a leña o, o | a uz | o, o u- | a uz, que te dixen, o torgo, que era | normalmente era o que se gastaba para que | gastar | queimar todo o inverno, tamén viña todo do comunal... dos lombeiros.

Inf. 1 (NG) Por e[x]emplo, aquel lombeiro que ves agora alí enfrente é comunal

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) E hoxe en día aínda se usan ou xa... ?

Inf. 1 (NG) [Emisión] Bueno, pouco, moi pouco, porque o-, ovellas non quedou ningunha e cabras tampouco.

Inf. 2 (AN) Pois case nada.

Inf. 2 (AN) Pouco ou nada.

Inf. 2 (AN) Ovellas eiquí hai un rebaño delas.

Inf. 1 (NG) Pero nada, vai para unhas, para unhas leiras del e nada.

Inf. 2 (AN) E cabras non hai.

Entr. 1 (DRL) Un, un | unha terra que queda [Emisión] sen, sen cultivar dun ano para outro, para que descanse, como lle chaman?

Inf. 2 (AN) Non se lle chama nada.

Inf. 1 (NG) Est- |

Entr. 1 (DRL) Non?

Inf. 1 (NG) [Emisión] Normalmente |

Inf. 2 (AN) Normalmente, quedou sen d- | quedou a descansar.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Un baldío non é, non?

Entr. 1 (DRL) Un baldío.

Inf. 1 (NG) Porque hai, hai sitios que lle chaman ber- | bar-, bar-, barbre-, barbecho, non?

Entr. 1 (DRL) Si, teño escoitado, e o de baldío tamén o teño escoitado, ou quedar de relva, quedar de...

Inf. 1 (NG) [Asent]

Inf. 2 (AN) De poulo, quedar de poulo.

Entr. 1 (DRL) De poulo.

Inf. 1 (NG) De poulo, non, é a |

Entr. 1 (DRL) De poulo teño oído tamén.

Inf. 2 (AN) De poulo tamén se dice, "Deixeia de poulo toda a leira".

Inf. 1 (NG) Si, pero deixache de poulo xa para sempre.

Inf. 2 (AN) Pero que aquilo non é que quedara a descansar, ao mellor deixeia de poulo e xa non a volves a... | non pensas volvela traballar.

Entr. 1 (DRL) Ah...

Entr. 1 (DRL) Ah, vale, vale, vale.

Inf. 1 (NG) Aí dun ano para outro, si, porque eiquí... este ano sembramos... chámase unha folla, [xxx] sembramos sempre doutra folla, e aquela folla queda... si que queda en descansar, pero non sei se é rastrollo... quedar

de rastrollo.

Entr. 1 (DRL) PODE SER.

Inf. 1 (NG) É, é | debe ser de rastrollo, porque... segáchea, non lle volviche a mirar hasta o ano seguinte... que daquela non a sembras, segaches en [x]julio e non a sembras en setembro, porque aquela, aquela folla é a outra folla... -sabes?-, sembrar, sembras, sembras outra... hai unha zona que este ano [sic] e outra zona para o ano... entendes?

Inf. 2 (AN) Si, queda | quedou, quedou de, de rastrollo.

Entr. 1 (DRL) Claro, claro.

Entr. 1 (DRL) É rotativo, vai unha e despois a outra, claro, si, si.

Entr. 1 (DRL) Entendo.

Entr. 1 (DRL) Esta fruta?

Inf. 1 (NG) Esa é unha mazá.

Entr. 1 (DRL) E a árbore que as dá?

Inf. 1 (NG) Maza-, mazaira.

Inf. 2 (AN) Mazaira.

Entr. 1 (DRL) Mazaira, mazaira.

Entr. 1 (DRL) Moi ben.

Entr. 1 (DRL) E... | porque noutros sitios é maceira ou mazanceira... pero aquí é mazaira.

Inf. 1 (NG) [Asent]

Inf. 1 (NG) Aquí é mazaira.

Entr. 1 (DRL) E esta?

Inf. 1 (NG) Esa é naran[x]a, pero eiquí non as hai, eiquí non se dá.

Entr. 1 (DRL) Aquí non as hai.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) E o árbol delas?

Inf. 1 (NG) Será naran[x]o.

Entr. 1 (DRL) Naran[x]o, sen máis, claro.

Inf. 1 (NG) Porque eiquí non existe.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Non, se non se dá, pois nada.

Entr. 1 (DRL) E... esta?

Inf. 1 (NG) Esa é cereixa.

Entr. 1 (DRL) E o árbol?

Inf. 1 (NG) Cereixal.

Entr. 1 (DRL) Cereixal.

Entr. 1 (DRL) E o que ten dentro, que é a semente dela, que é duro?

Inf. 1 (NG) Caruña.

Inf. 2 (AN) Caruña.

Entr. 1 (DRL) Caruña.

Inf. 1 (NG) Caruña da cereixa.

Entr. 1 (DRL) E, e se é, por exemplo, dun préxego ou algo así, é caruña tamén?

Inf. 1 (NG) Caruña, caruña.

Entr. 1 (DRL) E dunha uva?

Inf. 1 (NG) Semilla.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) E dunha... eu que sei...

Inf. 1 (NG) Dunha mazá tamén decimos semilla.

Entr. 1 (DRL) Semilla, vale.

Entr. 1 (DRL) Moi ben.

Entr. 1 (DRL) E... estas supoño que tamén as hai.

Inf. 1 (NG) Castañas, si, ho.

Entr. 1 (DRL) [Asent] E onde está a castaña, é dicir, o que pincha?

Inf. 1 (NG)	O ourizo.
Entr. 1 (DRL)	Ourizo.
Entr. 1 (DRL)	E o árbol?
Inf. 1 (NG)	Castiñeiro.
Inf. 2 (AN)	Castiñeiro.
Entr. 1 (DRL)	Castiñeiro.
Inf. 1 (NG)	Castiñeiro.
Entr. 1 (DRL)	E alí en Hermisende xa é castañeiro.
Inf. 1 (NG)	Castañeiro, si, [Riso].
Inf. 2 (AN)	Castañeiro.
Entr. 1 (DRL)	E onde hai moitos castiñeiros, como lle chaman?
Inf. 1 (NG)	Souto.
Inf. 2 (AN)	Souto.
Entr. 1 (DRL)	Un souto.
Inf. 2 (AN)	Un souto.
Entr. 1 (DRL)	Moi ben.
Entr. 1 (DRL)	Estoutra?
Inf. 2 (AN)	O souto da castaña.
Inf. 1 (NG)	Esa é a noz.
Entr. 1 (DRL)	E a árbore?
Inf. 1 (NG)	Nogueira.
Entr. 1 (DRL)	Nogueira.
Entr. 1 (DRL)	E cando hai unha noz que xa se ve que non que está mal, que non ten peso, que... como lle din?
Inf. 1 (NG)	Está carunchosa.
Entr. 1 (DRL)	Carunchosa, [Asent].
Inf. 2 (AN)	Ou cocosa, ou cocosa.

Inf. 1 (NG) Ou cocosa, ou caru- | normal-, normalmente carunchosa, carunchosa ou cocosa.

Entr. 1 (DRL) Cocosa.

Entr. 1 (DRL) Estas?

Inf. 1 (NG) Eso eiquí non, non o busques.

Entr. 1 (DRL) Non se dá, non?

Entr. 1 (DRL) [Riso]

Entr. 1 (DRL) Aceitunas e tal, nada.

Inf. 1 (NG) Nada aquí [TranscrDubidosa].

Entr. 1 (DRL) E o que... | cando eu corto un, un | unha rama dunha... pereira, por exemplo, para poñela noutra, para que teña ...

Inf. 1 (NG) Ah, enxertar.

Entr. 1 (DRL) Enxertar.

Entr. 1 (DRL) Moi ben.

Inf. 1 (NG) [xxx] eiquí enxértase muto o castiñeiro.

Entr. 1 (DRL) Ai, si?

Inf. 1 (NG) Bueno, mazairas, pereiras... pero eiquí o castiñeiro, si.

Inf. 2 (AN) Tamén algunha.

Inf. 1 (NG) É o fuerte do noso | desta zona é o castiñeiro, oíche?

Inf. 1 (NG) É o que máis nos produce.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Pois [TranscrDubidosa] tamén me dixeron alí, si... [Tose] que se daba bastante.

Inf. 1 (NG) Temos bastante...

Inf. 1 (NG) [Asent]

Entr. 1 (DRL) Isto que crece así... non é herba, é unha cousa así verde, crece nas pedras onde hai humidade...

Inf. 1 (NG) Eso, eso é musgo.

Inf. 2 (AN) É o musgo, si.

Inf. 1 (NG) De riba [TranscrDubidosa] das pedras.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) E... hai outros, non ten que ver, pero tamén crecen onde hai humidade, hai de distintas clases, est- | collín unha foto así ao [xxx].

Inf. 1 (NG) Pois serán... cacaborros.

Inf. 2 (AN) Si, cacaborros.

Entr. 1 (DRL) É o nome xeral para eles?

Inf. 2 (AN) [Asent] cacaborros.

Inf. 1 (NG) Si, cacaborros.

Entr. 1 (DRL) Porque despois hai variedade -non?-, e tal, pero así en general, cacaborros.

Inf. 1 (NG) Si.

Inf. 2 (AN) Si, si, si, si.

Inf. 1 (NG) É cacaborros.

Entr. 1 (DRL) Moi ben.

Entr. 1 (DRL) Entón aí si que coincide con, con Hermisende.

Entr. 1 (DRL) E... esta planta, que ten un cheiro así moi | como a anís?

Inf. 2 (AN) Eu non sei que planta é esta.

Entr. 1 (DRL) Ten un cheiro forte.

Entr. 1 (DRL) Pode ser... fiollo?

Entr. 1 (DRL) Coñecen o nome fiollo?

Inf. 2 (AN) Non.

Inf. 1 (NG) Non, nin a planta.

Inf. 2 (AN) Non sei o que é, nin a planta.

Entr. 1 (DRL) Nin a planta.

Inf. 2 (AN)	Non.
Entr. 1 (DRL)	Ah, pois non sei.
Inf. 1 (NG)	Eiquí non a debe haber, eh.
Entr. 1 (DRL) hai...	Pois igual non, igual non a hai, e por eso non, non hai...
Inf. 1 (NG)	Penso que non habe- non a haxa.
Inf. 2 (AN)	Eu non...
Entr. 1 (DRL)	[Asent]
Entr. 1 (DRL)	E estas?
Inf. 2 (AN)	Estas, fentas.
Inf. 1 (NG)	Estas... fentas.
Entr. 1 (DRL)	Fentas.
Inf. 2 (AN)	Fentas.
Inf. 1 (NG)	É que hai a fenta e o fento.
Inf. 2 (AN)	Hai fenta e fento.
Entr. 1 (DRL)	É o que quería preguntar eu.
Inf. 2 (AN)	Pero esta é a fenta.
Entr. 1 (DRL)	Esta e o fento é máis...
Inf. 2 (AN)	É que ten un rabo... e despois xa bota así coma eso, e eso non ten rabo, é así.
Inf. 1 (NG)	Si, non, e ten outro color máis... e outra f-, e outra forma.
Entr. 1 (DRL)	Vale.
Inf. 2 (AN)	Si.
Entr. 1 (DRL)	Vale, vale.
Entr. 1 (DRL)	[Asent]
Entr. 1 (DRL)	E alí en Hermisende dicen afetos... e afetas.
Inf. 1 (NG)	Esa, esa é un árbol [TranscrDubidosa] unha... esta é ortiga, é moi medicinal.

Entr. 1 (DRL) Si, é ortiga.

Entr. 1 (DRL) E despois, arbustos, antes falou da uz, e hai outro arbusto que bota así esta floriña amarela, hai de dúas clases, que bota amarela e que bota branquiña... a flor.

Inf. 1 (NG) Esta...

Inf. 2 (AN) Carpaco [TranscrDubidosa] non é.

Inf. 1 (NG) Non.

Inf. 1 (NG) Carqueixa tampouco.

Inf. 2 (AN) Tampouco.

Entr. 1 (DRL) Non.

Inf. 1 (NG) Peixemulo? [TranscrDubidosa]

Inf. 2 (AN) Poda [sic] ser.

Entr. 1 (DRL) Ou... pode ser xesta?

Inf. 1 (NG) Ou toxo.

Inf. 1 (NG) Non, xesta non.

Inf. 2 (AN) Non, non.

Entr. 1 (DRL) Non é xesta?

Inf. 1 (NG) Xesta... penso que non, a xesta é moi parecida, eh.

Entr. 1 (DRL) Teño aquí da blanca.

Inf. 2 (AN) Non, pero non é a xesta eso.

Inf. 1 (NG) Esta...

Entr. 1 (DRL) Non é xesta.

Entr. 1 (DRL) [Emisión]

Entr. 1 (DRL) Pero...

Inf. 1 (NG) Xesta existe muto eiquí, é o, é o que máis hai.

Entr. 1 (DRL) Conócese, vale.

Entr. 1 (DRL) Moi be- |

Entr. 1 (DRL) Aquí había costume de facer viño... ?

Inf. 1 (NG) Pouco, si, algo había, das parreiras.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) E, bueno, ultimamente, si, invita-[TranscrDubidosa] | collíase uva de Castilla e facía- | nós aínda fixemos mutos anos viño, pero comprando a uva fóra, sabes?

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Inf. 1 (NG) Pero ahora como xa nin se pode beber, xa... aquí case non hai [xxx].

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) [xxx]

Entr. 1 (DRL) E cando están as uvas así todas xuntas, como lle chaman, un... ?

Inf. 1 (NG) Un carrelo.

Entr. 1 (DRL) Un?

Inf. 1 (NG) Carrelo.

Entr. 1 (DRL) Un carrelo de uvas.

Entr. 1 (DRL) [Asent]

Entr. 1 (DRL) E cando se lle quitan, o que queda... ?

Inf. 1 (NG) Un bagacio.

Entr. 1 (DRL) Un bagacio.

Entr. 1 (DRL) Moi ben.

Inf. 1 (NG) Ou cango.

Entr. 1 (DRL) O cango tamén.

Inf. 1 (NG) Cango.

Inf. 1 (NG) Moi ben.

Entr. 1 (DRL) E... e ao que lle gusta moito beber, como lle chaman? [Riso]

Inf. 1 (NG) O... borracho, non?

Entr. 1 (DRL) Un borracho, [Riso].

Entr. 1 (DRL) Si, ese [Riso] | ás veces hai outros nomes.

Inf. 1 (NG) Ao, ao mellor gústalle beber, bebe, bebe e non se emborracha, eh, cuidado.

Entr. 1 (DRL) Claro, tamén, [Riso], pode ser.

Inf. 1 (NG) Pero normalmente o que bebe muto... [Riso]

Entr. 1 (DRL) Si, señor.